



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DÍA 04/04/2024, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

#### PRESIDENCIA

DOMINGUEZ SISTO, Aurea (AdV)

#### CONCELLEIROS

#### PARTIDO POPULAR (PP)

INSUA LAGO, Luis Manuel  
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana  
TRABA FERNANDEZ, José Manuel  
SUAREZ SILVA, Jenifer  
CANOSA TRILLO, Manuel

#### ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AdV)

MARTINEZ TRABA, Francisco  
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

#### PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG – PSOE)

MARCOTE SUAREZ, José  
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

#### BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

FERNANDEZ MARTINEZ, M<sup>ª</sup>TERESA

#### SECRETARIO - INTERVENTOR

VÁZQUEZ CAMPAÑA, Marcos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20.10 horas, do día 04/04/2024, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da Presidenta e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado polo Secretario - Interventor, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o

contido da seguinte Orde do Día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### 1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Intervén a Sra. Alcaldesa preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o día 01/02/2024, distribuída coa convocatoria.

Ao non facer uso da palabra ningún membro da corporación, a Sra. Alcaldesa somete a votación a proposta de aprobación da acta da sesión do Pleno da Corporación do 01/02/2024, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

A continuación procédese á votación a proposta de aprobación da acta do Pleno da Corporación do día 06/02/2024, e queda aprobada así mesmo por unanimidade.

### **2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE FISTERRA PARA 2024.**

Intervén a Sra. Alcaldesa quen manifesta:

-“ Dado que non puiden obter os votos favorables para a aprobación do orzamento no día de hoxe, pero posto que estamos en trámite e conseguiremos chegar a un acordo proximamente e de acordo co artigo 92.1 do ROF, solicito sacar da Orde do Día este punto para que sexa tratado na seguinte sesión que se celebre”.

Sr. Luís Insua:

-“É un pouco sorprendente esta decisión porque foi informado desfavorablemente na comisión informativa. Como se prosigue coa súa inclusión na orde do día se xa foi ditaminada negativamente”.

Sra. Alcaldesa:

-“A Comisión Informativa non é vinculante para nada. A sorpresa é miña pola súa actitude”.

Sr. Luís Insua:

-“Simplemente estou preguntando, comezamos o Pleno 10 minutos tarde porque non son capaces de poñerse de acordo, se vostede non sabe a nosa opinión porque fala de máis adiante se en catro meses non foron capaces de chegar a un acordo”

Sra. Alcaldesa:

-“Tampouco vostede sabe a nosa opinión. Porque non teño os acordos, vós votastes que non”.

Sr. Luís Insua:

-“Pero vostede non di que a Comisión é informativa, entón en qué quedamos”.

Sra. Alcaldesa:

-“E unha decisión miña, algunha intervención máis?” Deixamos o punto sobre a Mesa, votos a favor?

Unha vez sometido a votación deixar sobre a mesa o expediente aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión plenaria, queda aprobada por seis votos a favor (3 de Alternativa dos Veciños, 2 PSOE, e 1 BNG ) e cinco abstencións (5 do PP).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### **3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE FISTERRA.**

**Expediente:** 2024/X999/000067

#### **FUNDAMENTOS**

-Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade

-Resolución do 7 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, polo que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de Informe do Estado da Seguridade

-Orde PCI/487/2019, de 26 de abril, pola que se publica a Estratexia Nacional de Ciberseguridade 2019

-Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

-Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

-Código de Administración Electrónica da Secretaría Xeral de Administración Dixital

-Plan de Transformación Dixital da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos

#### **ANTECEDENTES:**

1º.- O capítulo III do Esquema Nacional de Seguridade refírese á Política de Seguridade e os requisitos mínimos para permitir unha protección adecuada da información e os servizos. Nos artigos 12 a 27 defínense tales requisitos: organización e implantación do proceso de seguridade; xestión de riscos, consistente nun proceso de identificación, análise, avaliación e tratamento dos mesmos; xestión de persoal; profesionalidade; autorización e control dos accesos; protección das instalacións; adquisición de produtos de seguridade e contratación de servizos de seguridade; mínimo privilexio; integridade e actualización do sistema; protección da información almacenada e en tránsito; prevención ante outros sistemas de información interconectados; rexistro da actividade e detección de código daniño; incidentes de seguridade; continuidade da actividade; e mellora continua do proceso de seguridade. Seguidamente, o artigo 28 indica que para o cumprimento de tales requisitos mínimos deberán adoptarse as medidas recollidas no anexo II, conforme unha serie de consideracións para o efecto. Con todo, tales medidas de seguridade poderán ser substituídas por outras compensatorias, a condición de que se xustifique documentalmente que a protección que achegan é, polo menos, equivalente, e satisfán os principios básicos e requisitos mínimos indicados previamente. No artigo 29 faise un chamamento á utilización de infraestruturas e servizos comúns das



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

administracións públicas en aras de lograr unha maior eficiencia e retroalimentación das sinerxías de cada colectivo. Por último, o artigo 30 establece a posibilidade de implementar perfís de cumprimento específicos, así como esquemas de acreditación de entidades de implementación de configuracións seguras.

2º.-A oficina Técnica de Ciberseguridade da Deputación da Coruña, iniciou o proxecto para adecuar ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS) aos concellos de menos de 20.000 habitantes, entre eles o Concello de Fisterra, e que forman parte do proxecto de Administración Electrónica da Deputación de A Coruña.

3º.-O Esquema Nacional de Seguridade é de obrigado cumprimento para todo o sector público e propón medidas de seguridade para facer fiable o uso de medios electrónicos na tramitación por parte dos cidadáns.

4º.-O Esquema Nacional de Seguridade distingue tres categorías de seguridade con diferentes requirimentos: básica, media e alta, segundo a criticidade do sistema de información. Para facilitar a adecuación ao ENS das entidades con poucos recursos e alcanzar Certificación de Conformidade co ENS, o Centro Criptolóxico Nacional (CNN) desenvolveu a metodoloxía  $\mu$ CeENS

5º.- $\mu$ CeENS é un proceso simplificado para obter a certificación de Conformidade no ENS para categoría BÁSICA para as entidades con limitación de recursos. Faise conforme a uns requisitos específicos de seguridade (Perfil de Cumprimento Específico de Requisitos Esenciais) e complementase con servizos básicos de seguridade proporcionados polas ferramentas do Centro Criptolóxico Nacional.

6º.-Dentro das distintas fases de  $\mu$ CeENS está a Implantación da Seguridade a través do Plan de Adecuación que consta das seguintes etapas:

1. Nomear os roles de seguridade (organización da seguridade) e aprobar o Decreto de designación de roles.
2. Aprobar e publicar a Política de Seguridade.
3. Facer o inventario de servizos e información e valoración.

7º.-O punto 1 realizouse mediante Resolución da Alcaldía, expediente 2024/G003/000157 de 13 de marzo de 2024. Polo que para avanzar na adecuación ao establecido no Esquema Nacional de Seguridade é necesario continuar coa seguinte fase e aprobar a Política de Seguridade do Concello de Fisterra.

Polo tanto e ao abeiro do anterior, visto que a Política de Seguridade forma parte do Esquema Nacional de Seguridade, que é de obrigado cumprimento para o sector público, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno:

- A aprobación da Política de Seguridade do Concello de Fisterra.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Intervén a Sra. Alcadesa preguntando se hai algunha intervención, non se producen intervencións polo tanto é aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **4º) MOCIÓNS DE GRUPOS POLITICOS MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DO BNG TERESA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ “MOCIÓN DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS COLECTIVOS FEMINISTAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 8-M”**

A continuación a Sra. Concelleira Teresa Fernández Martínez dá lectura á moción co seguinte contido:

“Cada 8 de Marzo o movemento feminista internacional sae á rúa para reivindicar a igualdade de dereitos das mulleres conseguindo nos últimos anos desenvolver mobilizacións absolutamente históricas.

O apoio en Galiza a todas as mobilizacións feministas foi multitudinario, o que demostra a fortaleza do movemento feminista galego, por iso hoxe, desde aquí, desde o Concello de Fisterra facemos un chamado a todas as veciñas e veciños para que este ano tamén se conten por miles as persoas que esiximos a construción dunha sociedade máis xusta e se sumen ás convocatorias que se farán en toda a comarca.

Somos conscientes de que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer. Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da vilencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes. Ademais, vivimos nos últimos meses acontecementos e indicadores preocupantes no ámbito do lecer, do deporte ou das condicións das traballadoras que dependen de contratas públicas.

Non só é necesario non dar un só paso atrás, senón que a Galiza que vén precisa pasos adiante para avanzar en igualdade, medidas que aborden a educación en igualdade nos e nas máis novas, medidas que supoñan avances nos dereitos laborais e na mellora dos recursos contra a violencia machista.

Ante a nova constitución do Parlamento Galego, é preciso sermos esixentes en materia de igualdade e esixir que as políticas públicas establezan o seu centro de gravidade nas reivindicacións do feminismo galego.

Polas que foron, polas que son e polas que serán. Para todas, todo.

Para o Concello de Fisterra, traballar a prol dos dereitos das mulleres é e debe ser un compromiso prioritario que atravesese todas as áreas e políticas do goberno e seguiremos traballando nesa liña para conquistar a igualdade plena e aquí está o BNG para reivindicar a necesidade de seguir loitando para avanzar da man do feminismo. Cando o feminismo avanza, ningún queda atrás.

Por todo o exposto sometemos a debate e votación a proposta da adopción do seguinte **ACORDO**:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

**1.-**A través de todas as canles ao alcance do Concello de Fisterra apoiar, recoñecer e difundir as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2024 sinalan os compromisos pendentes e incumpridos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no cento do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da crise de prezos, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

a) Apostar pola igualdade no ensino, recuperando a oferta en materia de igualdade: de xénero eliminada no curso 2023-2024, para o vindeiro curso e apostando pola formación transversal do persoal educativo en materia de igualdade e para o respecto á diversidade afectiva sexual; estender e asegurar protocolos contra o acoso lgtbfóbico e a inclusión da diversidade sexual e de xénero nos programas docentes.

b) Impulso dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a blindar o cumprimento dos convenios colectivos, eliminar a fenda salarial e mellorar as súas condicións de traballo, singularmente en ámbitos especialmente sensibles como o da limpeza.

c) Impulso dunha lei de igualdade no deporte na que se incorporen, entre outras medidas, a creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte para a protección das deportistas sobre os ataques machistas e lgtbfóbicos e que contará con potestade sancionadora; o Observatorio Galego da Igualdade no Deporte, protocolos específicos, plans de conciliación familiar e fomento da visibilidade do deporte feminino nos centros educativos e nos medios audiovisuais, en especial no que ten a ver co CRTVG.

A Moción está clara e aínda que ten a data do 8 de Marzo, penso que o que se pide está de actualidade, sufrimos desigualdade, violencia machista, vicaria.

Non reclamamos privilexios, senón igualdade, a igual traballo igual salario, compartir tarefas domésticas, no coidado das crianzas e dos maiores cando toque atendelos.

Respecto en todos os xeitos tamén na política por iso quero desde aquí dar o meu apoio a Mercé Barrientos, concelleira que está a sufrir insultos e ameazas por parte do Alcalde de Muxía. Sumarme á acción feminista do BNG comarcal que esixe desculpas públicas urxentes pola súa actitude no último Pleno.

Gustaríame que fora consensuado por todos os Grupos políticos.

### INTERVENCIÓNS:

Sr. Luís Insua:

-"O noso grupo apoia totalmente sen fisuras, non pode ser doutra maneira. Apostamos por todas as iniciativas que propulsen esta igualdade

Queremos sumarnos á oposición a eses comentarios desafortunados que fixo esta persoa contra unha compañeira de Corporación".



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Sr. Francisco Lestón:

-“Nós tamén manifestamos o noso apoio a esta Moción”.

Sr. José Marcote:

-“Dicir que esta Moción e unha das Mocións que xa se aprobaron aquí nese sentido, pero tamén dicir que por moitas que se aproben o problema segue existindo”.

A continuación procédese á votación, quedando aprobada por unanimidade”.

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

#### **5º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.**

-Dase conta dos decretos que van dende o Decreto 2023/G003/000591, de data 01/12/2023, ata o Decreto 2024/G003/000036, de data 23/01/2024. O Pleno dase por enterado. Non se producen intervencións ao respecto.

#### **6º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA CONTRARIAS AOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN (ARTIGO 218.1 DO TRLHL). C) ROGOS E PREGUNTAS**

-Non hai intervencións.

### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

#### **7º) ROGOS E PREGUNTAS.**

Sr. Luís Insua:

-“Gustaríanos saber en qué situación está o terreo da Rúa Alcalde Fernández que se usou como aparcadoiro en Semana Santa”.

Sra Alcaldesa:

-“A que situación se refire: explanámolo?, á titularidade? E a mesma situación que no Pleno anterior no que xa fixo esta pregunta.

Sr. Luís Insua:

-“Existe algún convenio ao respecto ?”

Sra Alcaldesa:

-“Estamos na mesma situación. Herdámolo do goberno anterior”.

Sr. Luís Insua:

-“Eu no Goberno anterior non estaba”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Sra. Alcaldesa:

-“Estamos facendo uso de facto, eu encontréino en uso e iso o que estamos facendo”.

Sr. Luís Insua:

-“Non existe ningún documento. Entón estase facendo unha actuación pública nun terreo de titularidade privada”.

Sra. Alcaldesa:

-“Eu aínda nunca aparquei aí, se me fixera falta, facíao”

Sr. Luis Insua:

-“Pois debería facelo, sobre todo na parte de atrás”.

Sr. Luís Insua:

-“¿Que solución se lle vai dar aos usuario dos garaxes polo cambio de sentido da Rúa Camiño Barcia?”

Sra. Alcaldesa:

-“Vaise pintar unha liña amarela nunha marxe e na outra as prazas onde se poderá aparcar”.

Sr. Luís Insua:

-“E os garaxes que teñen a ubicación desde a parte de arriba para entrada dos coches?”

Sra. Alcaldesa:

-“Deixarémolle que fagan uso da entrada e rexistraremos as matrículas e non serán multados”.

-“Poñeremos un sinal que indique que é só para uso dos residentes coas matrículas que o teñan solicitado”.

Sr. Luís Insua:

-“Ou sexa, un amigo meu non me pode deixar aparcar ali”

Sra. Alcaldesa:

-“Eu non sei da vida do seu amigo nin da súa. Vostede vive en Fisterra?”

Sr. Luís Insua:





CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

-“ Si, eu sempre vivín en Fisterra”.

Outra cuestión:

-¿Por que Fisterra non presentou candidatura para albergar o encontro Internacional Starlight do próximo mes de outubro”.

Sra. Alcaldesa:

-“Porque nos pedían unha Casa de Cultura que aínda non temos. Ese era un requisito indispensable.”

Sr. Luís Insua:

-“No, o requisito era un aforo cunhas determinadas medidas”.

Sr. Luís Insua:

-“Laxe tampouco ten casa de cultura e presentou a súa candidatura”.

Sra. Alcaldesa:

-“Carnota apoiou a instalación dunha carpa na praia”.

Sr. Luís Insua:

-“Carnota non ten casa de Cultura”?

Sra. Alcaldesa:

-“Non, desas medidas non ten”.

Sr. Luís Insua:

-“En temporada de turismo o Concello manexa algún tipo de dato para saber se foi mellor ou peor que as temporadas anteriores”.

Sra. Alcaldesa:

-“A que temporada se refire, a 2023?”

Sr. Luís Insua:

-“Refírome a agora: Semana Santa”.

Sra. Alcaldesa:

-“Non, de Semana Santa, non”.

Sr. Luís Insua:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

-“Hai algún plan de actuación que o Goberno teña previsto para o turismo, o sector hosteleiro. Cóntame que tiveron unha reunión en novembro e alí prometéronse medidas. Non sei se retrasa por algún motivo especial”.

Sra. Alcaldesa:

-“si”.

Sr. Luís Insua:

-“estamos ao que vaia saíndo”.

Sr. Luís Insua:

-“Os colectores do lixo tamén se dixo nesa reunión coa hostelería que se ían colocar colectores con uso de tarxeta. Hai unha empresa que leva iso. Que se ían poñer en funcionamento o 1 de xaneiro”.

Sra. Alcaldesa:

-“Tivemos que aprazalo por problemas coas subvención como noutros moitos concellos. O vehículo tiña que ser eléctrico”.

Sr. Luís Insua:

-“A Empresa de formación que ía dar ditos cursos tamén ten problemas”..

Sra Alcaldesa:

-“E unha actuación conxunta, faga as preguntas adecuadas”.

Sr. Luís Insua.:

-“O noso grupo ten apoios suficientes para facer as preguntas que se estimen procedentes”.

Sra. Alcaldesa:

-“Aínda que só fora un tamén tiña dereito a facelas”.-

Sr. Luís Insua:

-“Por que non se está facendo correctamente o baleirado das fosas sépticas que hai nos baños do Faro”.

Sra. Alcaldesa:

-“Nós facemos o baleirado correctamente”.

Sr. Francisco Lestón:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

-“Xusto a semana antes da Semana Santa baleirámolos”.

Sr. Luís Insua:

-“Por que segue se aplicarse a Ordenanza aprobada ao respecto da contaminación acústica porque o Domingo de Pascua os chatarreiros ao longo do día andaban co altavoz. Que problemas hai? Apróbanse as Ordenanzas pero non se aplican”.

Sra. Alcaldesa:

-“O Domingo de Resurrección estaban os municipais pero xa sabemos como é ese día. Eles estarían pendentes da procesión”.

Sra. Alcaldesa:

-“Haberá que comunicalo e nós faremos o que teñamos que facer”.

Sr. Luís Insua:

-“Quen ten que comunicalo?”

Sra Alcaldesa:

-“Os veciños”.

Sr. Luís Insua:

-“O tema do convenio con Portos para o noso grupo é un tema bastante primordial para nós e para Fisterra. Non considerou que tiña que telo consensuado igualmente aínda que a Lei lle permita asinar a vostede , e falar cos demais grupos políticos e sometelo á votación plenaria.

Sra. Alcaldesa:

-“Non, porque se a Lei mo permite para que vou facer algo e sometelo a vós que ides dicir que non. A lei permítelo e non fixen nada ilegal fíxeno polo pobo como imos facer coa Rúa Federico Avila que tanta falta ten, e o Porto é accesible que é o máis importante.

Sr. Luís Insua:

-“sobre todo o Venres Santo que estaba perfecto”.

Sra. Alcaldesa:

-“Hai máis días que o Venres Santo”.

Sr.Luís Insua:

-“ Cando se van desbrozar certos camiños do rural como por exemplo o que está na parte de arriba do Rial, ou o Campo de Suarriba?”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Sr. Francisco Lestón:

-“Xa empezamos”.

Sra. Alcaldesa:

-“Todo no mesmo día non é posible”.

Sr. Luís Insua:

-“A temporada de fútbol está rematando, aquí temos 2 clubs deportivos. A un xa hai tempo que se lle asigna unha axuda directa, cando se ten pensado empezar co Convenio para a temporada que remata en 2 meses”.

Sra. Alcaldesa:

-“Estamos niso”.

Sr. Luís Insua:

-“Hai algún tipo de problema .”

Sra. Alcaldesa:

-“Non, non hai ningún tipo de problema. O problema é que somos os que somos traballando e os administrativos e funcionarios son os que son. Hai moito traballo e non se dan as cousas tan rápido como quixéramos”.

Sr Luís Insua:

-“Os veciños non poden resultar perxudicados porque sexades poucos. A sinatura do convenio é primordial e faltan dous meses”.

Sra. Alcaldesa:

-“Hai que redactar o convenio. Teño un asesor legal, eu non o redacto”.

Sr. Luís Insua:

-“Outro asesor máis”.

Sr.Luís:

-“Como ROGO: o luns pola mañá sae unha noticia de Fisterra na que o grupo que está agora mesmo no Goberno fai unha crítica aberta á Comisión de Festas do Cristo. As Comisións de Festas sabemos todos o traballo que supoñen, dedícanse tempo e esforzo para que o pobo poida desfrutar dunhas festas o mellor posible. Se hai discrepancias entre o Goberno do Concello e estas Entidades fálanse, resólvense, o que non é forma de facelo e así na prensa. Porque cando estás nunha comisión queres contar co apoio local. Quero deixar como rogo que se apoiem as Comisións



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

incondicionalmente, é dicir que se lle dea todo o apoio que necesitan, pola nosa parte vano atopar sempre”.

Sra. Alcaldesa:

-“Este equipo de goberno está coa Comisión de Festas, acompañeinos en todos os actos que me invitaron e fun moi ben acollida por eles, fomos da man en todo tempo. Todos cometemos erros ( tanto eles coma nós ), iso é algo puntual. Non ten maior incidencia, foi falado e tratado.

Sr. Luís Insua:

-“Os comentarios nas redes sociais non axudan”.

Sra. Alcaldesa:

-“E o que lle comunicamos á Comisión, estamos coas Festas do Santo Cristo e coas outras tamén. E o noso apoio terano sempre. Valoramos o esforzo desinteresado da Comisión.

Sr. José Marcote:

-“Os maceteiros que se están colocando págaos o Concello?”

Sra Alcaldesa:

-“Si, si. Non lle gustan?”.

Sr. José Marcote:

-“Eso dá igual. Non estou aquí en representación miña propia. Eu só quero saber quen paga as cousas, un dos deberes que temos como oposición é a fiscalización e nese sentido formulo esa pregunta. E algo que sospeitaba”.

Sra. Alcaldesa:

-“Están a modo de barreira así como para favorecer a fachada portuaria”.

Sr. José Marcote:

-“En que punto está a Modificación do Plan Xeral?”

Sra. Alcaldesa:

- “Avanzou”

Sr. Francisco Lestón:

-“Chegou unha autorización de Costas de Galicia que non puxo ningún reparo e agora está en Costas do Estado”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Sra. Alcaldesa:

-“De feito teño unha reunión o día 8 en Costas para ver se podemos axilizar”.

Sr. José Marcote:

-“No mesmo sentido, o Plan do Casco Vello en que punto está?”

Sra. Alcaldesa:

-“Está todo igual que antes”.

Sr. José Marcote:

“- Presento un rogo apoiando a suxerencia feita no acto deste sábado pasado por Modesto Fraga de adicarlle a Don Emérito Paz Figueroa algo máis significativo ca rúa que leva o seu nome actualmente.

Sra. Alcaldesa:

-“ Recoillo o seu rogo”.

Sra. Teresa Fernández:

-“Algunhas cousas como coinciden cos demais grupos políticos non as vou repetir, pregunto teñen feito algún informe xurídico e económico dos gastos que van a asumir ao asinar o Convenio entre Portos e o Concello”.

Sra. Alcaldesa:

-“Non obstante, xa redactamos o Convenio, o Secretario Interventor que está aquí presente é coñecedor, fixemos un estudo, para o Concello supón moi pouco economicamente. O gasto de 20 farolas que se cambiaron a led. Iso xa foi valorado desde o primeiro momento.

Sra. Teresa Fernández:

-“Que gasto lle supón ao Concello?”

Sra. Alcaldesa:

-“Supón moi pouco, nós a limpeza xa a facíamos”

Sra. Teresa Fernández:

-“Os xardíns, como quedan?”

Sra. Alcaldesa:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

-“Aos xardíns ninguén nos obriga. Nós collémolo para ter esa fachada en situación digna, aseada e os xardíns iranse tratando a medida das posibilidades; pero sen dúbida van estar mellor do que están.”

Sra. Teresa Fernández:

-“Nalgunha xuntanza que tivemos con vós, falamos se legalizastes as cláusulas dos hoteis. O Concello liquidará aos usuarios non portuarios as taxas admitidas nas súas ordenanzas. Non sei se sabe que existe unha Lei publicada no BOE, trasladada ao DOG (ano 2003 ) actualizada no 2017 ( artigo 40 ) que pon:

“ Os Concellos quedan exentos do pago das taxas a Portos por actividades non lucrativas”

Quero saber se teñen coñecemento de que hai solicitado un BIC por parte dunha Asociación pola Estatua do Emigrante”.

Sra. Alcaldesa:

“Si, o Presidente da Asociación envioume copia da solicitude por whatsapp.”

Sra. Alcaldesa:

“Primeiro teñen que solicitalo porque é un ben de interese cultural”.

Sra. Teresa Fernández:

“As caravanas, o BNG presentou unha Ordenanza, era un Documento no que se podía ir traballando e como xa manifestei no anterior Pleno: está aí o verán e estamos aínda sen solucionar o problema”

Sra. Alcaldesa:

-“Espero pasarnos na próxima semana unha copia do que confeccionamos nós”

Sra. Teresa Fernández:

-“Non sei porque non aproveitou a nosa Ordenanza. Hai que ter o espazo destinado pero é importante o documento, tendo unha Ordenanza é unha pena que se vaia demorando xa que van seguir os problemas de todos os veráns”

E non tendo mais asuntos dos que tratar a Sra. Alcaldesa, levanta a sesión sendo as 20.50 horas, do que, como secretario , dou fe.